

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **31026 (11/PNC-002786)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto do desenvolvemento dun plan integral de formación para homes destinado a cuestionar o mandato de xénero do patriarcado e a avanzar cara á igualdade.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un Plan de sensibilización, divulgación e formación para rapaces e homes no ámbito da corresponsabilidade co obxectivo de fomentar a participación dos homes nas tarefas domésticas e de coidado, así como promover a realización de campañas e guías para fomentar os valores igualitarios na sociedade e, especialmente, entre os homes”.

Santiago de Compostela, 15 de marzo 2022.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/03/2022 18:05:28

Paula Prado del Río na data 15/03/2022 18:05:32



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa da deputada **Noelia Pérez López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **26080 (11/PNC-002454)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar o uso delituoso das tecnoloxías da información e a cibercriminalidade

Emenda de Substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo campañas dirixidas á cidadanía para concienciar sobre a importancia da ciberseguridade e para mellorar as capacidades no uso da tecnoloxía dixital”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 15/03/2022 18:04:27

Pedro Puy Fraga na data 15/03/2022 18:04:47

